

HENRIQUE RABUÑAL CORGO

Pastoriza, Arteixo, 1962

Doutor en Filloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago, membro da Asociación Galega da Língua, da Asociación de Escritores en Língua Galega, coordinador do Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía” e Profesor de Literatura no IES ‘Manuel Murguía’.

A súa poesía pode lerse nos volumes dedicados á poesía galega polas revistas *Mealibra* (1989) e *Anto* (1997) así como nas antoloxías *Ao mar de adentro* (1990), *Matria da palabra* (1990) e *Río de son e vento* (1999) ou na *Homenaxe a Eduardo Blanco Amor* 1998 (1998).

Como dramaturgo é autor de *A noite das noites*, (1985, Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega, estreada en 1988), *Oratio mare/O cântico de Orfeu* (1988), *Cousas de Itaca* (1988), *Desesperados* (1990), *Diálogo da Furoca entre Afonso Eanes do Cotom e Pero da Ponte* (1991), *Maternidade* (1992), *Louvor de Pero Meogo (Monógo do cervo Agostinho)* (1992), *Do goberno bipartito à autovia funeral* (estreada en 1992), *Juízo a Curros* (1993) e *Amlet, voz e verbo* (1999). Colaborou no volume *Monólogos II* (1992).

Como narrador publicou en 1985 o relato *Abril e o Epistolário* em catro



Manuel Murguía

tempos ós que seguiron *As Weissleiver* (1987), *Carta do clérigo Chucho Malfado a Maria Peres, a Balteira* (1991), *A fariña das horas* (1998) e *Telegrama con vida incorporada* (1999). A súa obra narrativa pode lerse nos volumes colectivos *Fogo cruzado* (1989), *Muralla de Crescórnio* (1989) e *Novo do trinque* (1997).

Colabora tamén e ten obra publicada en numerosos xornais e revistas como *El Ideal Gallego*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, *La Voz de Galicia*, *O Ensino*, *A Nosa Terra*, *Cadernos do Povo*, *El Correo Gallego*, *Nós, Agália*, a cuxo Consello de Redacción pertence desde 1988, *Luzes de Galiza*, *Casahamlet*, *Boletín Informativo Municipal de Arteixo*, *Çopyright*, *Enclave*, *Bravú*, etc.

Como poeta editou *Paixom e morte*

dum condenado (1984), *Poemas da luz e da locura* (1992) e *O tempo demorado nos marmelos* (2000).

Como ensaista publicou tres libros para COU escritos co prof. Fernández Costas sobre *Luz Pozo Garza*, *Méndez Ferrín e Carlos Casares* (1993), *Textos e contextos do teatro galego* (1994), *Rafael Dieste: a franqueza e o misterio* (1995), *Manuel Murguía* (1999), *A Coruña na historia* (1999), *Manuel Martínez Murguía* (1999), *Manuel Murguía e Arteixo* (2000) e *Jenaro Marinbas del Valle, a vida escura* (2000). Henrique Rabuñal é o editor dos volumes *Relatos* (1995), *Airadas de palabras* (1998) e *Tecendo panos* (2000), onde se recollen os relatos galardoados no Certame M. Murguía. Tamén colaborou nos volumes *Volver a Murguía* (1998) e *Letras para Murguía* (1999).



O BARDO E O PATRIARCA: VIDAS PARALELAS¹

Henrique Rabuñal Corgo

Ilustracións: Instantáneas, fotografías, retratos e caricaturas que teñen como protagonista a Manuel Martínez Murguía, visto en diversos momentos da súa vida.

MURGUIA E PONDAL, MÉDIO SÉCULO DE AMIZADE

Non se pode escribir un libro sobre Eduardo Pondal sen facer algunha referéncia a Manuel Murguía. E tamén viceversa. Esta simples constatación, que como lectores todos podemos facer consultando a bibliografía que orixinan nos últimos tempos o Bardo bergantiñán e o Patriarca arteixán, alerta da evi-

dente e profunda relación amical e intelectual que ligou e durante cincuenta anos, cifra redonda e eloquente utilizada polo propio Murguía (1917: 201) a dúas das máis grandes figuras do XIX galego. Manuel Valdés, José L. Varela e Benito Varela Jácome² xa publicaran nos anos 50 algunhas cartas cruzadas entre os dous intelectuais reveladoras desa privilexiada conexión. Manuel Ferreiro (1991) recopilou-nas recentemente e puxo-as á disposición de

1. Este texto foi a base da ponencia homónima apresentada polo autor, no 'V Simposio Pondaliano', o 2 de novembro de 1999 na Ponteceso. Non era a primeira vez que colaboraba nas actividades da prestixiosa A.C. Monte Blanco. Como Murguía eu tamén dormín na Ponteceso, na do meu amigo José Mato Fondo. O Simposio tivo inequívoco sabor murguiano polo protagonismo –deixando á marxe a figura do fotógrafo Ramón Camaño– dos seus grandes amigos Aurélio Aguirre Galarraga e o propio Bardo.

2. Cf. VALDÉS, Manuel, "Testimonios de una amistad entrañable. Tres cartas, inéditas, de Pondal a Murguía", *BRAG*, 321-326, 1957, pp. 173-178.

VARELA, José L., "Cartas a Murguía", *CEG*, 25, 1953, 27, pp. 273-294 (Contén cartas a Murguía de Pondal e Saco y Arce).

_____, "Cartas a Murguía II. Cartas de Benito Vicetto", *CEG*, 27, 1954, pp. 125-141 (Contén 10 cartas a Murguía de Vicetto).

_____, "Cartas a Murguía III. Varia", *CEG*, 28, 1954, pp. 293-307 (Contén cartas a Murguía de Julio Nombela, Ventura Ruiz Aguilera, M^ª del Pilar Sinués, Daniel de Moraza, Francisco Añón, Nicador Rey Díaz e Prudencio Canitrot).

VARELA JÁCOME, Benito, "Una carta inédita de Juan Manuel Pintos a Murguía", *El Museo de Pontevedra*, 19-20, 1951, pp. 185-186.

_____, "Una carta de Fernando Fulgosio a Murguía", *CEG*, 29, 1954, pp. 389-392.



todos os interesados, labor que sabemos vai completar nos próximos meses o profesor Xosé L. Axeitos. A lectura desas cartas, a análise dos textos que Murguía consagrou ao poeta, e as opinións dos principais estudosos corroboran esa amizade tan especial e que vai centrar -aquí e agora- o noso interese. Amado Ricón (1981: 66) reconece que

“Don Manuel Murguía foi o (amigo) de meirande intimidade, apesares das cativas diferencias que poideron existir entre o Patriarca e o poeta de Bergantiños”

e engade:

“Pondal coidaba que Murguía era o senlleiro home que o entendía e podía lle dar consellos nos intres máis difíciles da súa vida profesional e literaria; era ao único a quen invitaba á súa casa de Ponteceso; remesáballe materiais que Murguía empregou na súa Historia de Galicia e noutros traballos”

(Ricón, 1981: 67).

O mesmo Ricón (1981: 86) subliña a categoría de Murguía como crítico da obra pondaliana:

“Ninguén como don Manuel Murguía, o verdadeiro amigo persoal e literario, soupo expresar con máis alento e vida o verdadeiro significado e importancia da obra de Pondal”.

Manuel Ferreiro (1991: 22) fala dunha relación profunda e íntima e situa a Murguía como o principal interlocutor do autor de *Os Eoas*. Manuel Forcadela (1988) reconece-lle a Murguía o relevante mérito de ser o primeiro crítico do Bardo e considera que este venera ao primeiro presidente da Academia Galega, en cuxas obras, segundo Forcadela, encontra a dimensión mítica e histórica dun elemento tan relevante na obra literaria de Pondal como é a paisaxe³. O mesmo Forcadela (1988) reconece:

“Pensamos, sen embargo, que é á luz da obra de Murguía como se pode penetrar en certos temas pon-



3. Pode ver-se sobre a cuestión da paisaxe o libro *A escrita da terra* de M. Mato Fondo (A Coruña, Espiral Maior, 1998).



dalianos, como nós mesmos faremos máis adiante ao facermos a análise da paisaxe”

A investigación e a reflexión que nos suscita a conexión Pondal/Murguía permiten-nos falar dunha relación certamente privilexiada, de mútuo respeito e consideración e tamén de reflexiva análise da obra do outro, erudita no caso de Murguía, poética no de Pondal. Sendo figuras tan dispares, o Bardo sempre célibe, mergullado na súa privacidade solitaria e nos seus rigores estéticos e o Patriarca, pai de moitos fillos e máis dado á area política, acharon o tipo de vínculo que o tempo converteu en permanente encontro. En vida de Pondal, Murguía, apenas dous anos máis vello que o Bardo, foi con efecto o seu primeiro crítico literario. Aínda que non coinciden na infancia nen na primeira mocidade, compostelanas no caso do autor de *Los Precursores* e bergantiñáns no dos *Queixumes*, si se produce moi cedo un primeiro contacto e un primeiro encontro porque a xeografía pondaliana é tamén territorio murguiniano. De Laxe⁴ eran non só os pais de Pondal senón tamén os avós paternos de Murguía.

PRIMEIRO ENCONTRO. PRIMEIRO RETRATO

Nunha visista do pai de Murguía, Xoán Martínez de Castro, a Laxe, produciuse ese primeiro avistamento do Bardo por parte do Patriarca:

*“A primeira vez que o vin, sendo eu rapaz, falando con meu pai, veciño de Laxe, era xa Eduardo un mozo alto, airoso, de cabelos e ollos negros, moreno de cara, áxil de movementos, todo vida e franqueza no seu porte”.*⁵



Completando este retrato físico, Murguía presenta ao seu futuro amigo como sóbrio e educado e non dubida en reclamar-se tamén el fillo de Bergantiños, terra que representa “por excelencia” a tribo céltica e que describe como “país norteño galiano para poetas e pintores, cheo de luz, de cores e de melancolía”⁶. A razón desta proximidade, se temos que crer ao Patriarca, era que, para alén dos pais de seu pai teren nacido en Laxe, o seu avó paterno fora bautizado no mesmo lugar que Pondal: na igrexa de Almerzo, é dicir, na parroquia de San Tirso de Cospindo (Ponteceso). Por iso, entre outras moitas cousas, Murguía sente-se desde sempre unido ao poeta e á súa paisaxe e agradece, en *Los Precursores*,

“a la suerte que pusiese mi cuna tan cerca del solitario y agreste rincón en que, como el duro roble, arraigaron aquellos de quienes vengo”.

Nese texto tamén admite un acusado grao de fraternidade con Pondal “por la raza, por el país, por la religión” e que lle permite afirmar:

“Todo cuanto era querido para el poeta y estaba ligado a sus recuerdos y al de las gentes de quienes venía, lo estaba asimismo para mí y para los míos”.

E esta comunión e esta coincidencia foron-se agrandando, como veremos, coa pasaxe do tempo. Murguía percorreu con Pondal os lugares amados do segundo, a súa casa natal, o pinar de Tella, a antiga ponte romana, os penedos de Traba, as furnas misteriosas, Dombate, o Anllóns, xuntos visitan Laxe -onde Murguía aínda debía conservar algúns

4. De Laxe era tamén Eduardo Abente, canonista, crego e poeta de quen se ocupa Murguía no seu *Diccionario*.

5. En “Eduardo Pondal e a súa obra”, citamos por Rabuñal (1992: 128).

6. En “Eduardo Pondal e a súa obra”, (Rabuñal 1992: 127).



parentes- e as suas praias. Lugar estratéxico é, sen dúbida, a casa do poeta onde pernoctou Murguía. O Patriarca debuxa-a poderosa ao pé do Anllóns e da vella ponte, a casa que contempla como atracan as lanchas na busca



do trigo moreno, o tráfico de patos, pombas, estorniños e as tamén evocadas excelencias do xardin. En 1917, na nota necrolóxica sobre o amigo finado, describe o que via e vivía o Bardo desde as xanelas da súa casa :

“La tierra, arisca y sola. El viento, áspero. El hombre que vive en aquellas amplitudes, un hombre resignado. Callado pasa el río entre los juncales en busca de las ondas salobres que le llaman con sus gemidos. Bajo un claro cielo la atmósfera impregnada del olor del mar y el de los campos, alegra la solitaria campiña; con el canto de los pájaros se mezcla a veces el que entona el viandante al cruzar el nuevo puente -el viejo, el puente romano que recorrimos el poeta y yo en los claros días de nuestra vida, ya no existe-; he ahí el cuadro que se le presentaba a la vista, cuando abría su ventana y respiraba los aires que orea-ban los campos que cercaban la casa paterna.”
(Murguía, 1917: 202)

Tamén Murguía deixou constáncia da privilexiada situación económica de Pondal cando afirma en *Los Precursores* que era “máis cercana de la riqueza que de las estrecheces que ahogan y consumen la actual clase media”, circunstancia e privilexio do que non podía presumir Murguía, case sempre limitado polas estreiteces cando non as penurias económicas.

Cando nos anos 50 Eduardo se instala na Compostela do Liceo de la Juventud (a de Aguirre, a de Luís Rodríguez Seoane), xa Manuel vive en Madrid en íntima comunión cos Avendaño e co seu egréxio círculo de amizades. En Compostela, sen embargo, Eduardo coincide e intima, nas aulas de Medicina e tamén nas ruas, co irmán de Murguía, Nicolás Martínez. En *Los Precursores* (1976: 153) afirma Murguía que Nicolás e Eduardo “recibieron ambos y en un día, sus grados literarios”⁷. As relacións amicais de Manuel nacen moitas veces, e en casos tan importantes como o de Aurélio Aguirre, por intermediación de Nicolás. Aínda Murguía vivía en



Madrid, en 1853, cando quen ía ser a súa esposa, Rosalia, visita Muxía ao parecer con Eduarda Pondal, irmá do poeta, e falecida aquel ano por mor do tífus. Segundo Manuel Forcadela (1989: 12) Rosalia pasou algúns días na casa do Bardo, feito do que partiría “o seu mutuo coñecemento e a posterior

7. Usamos a edición facsimilar de *La Voz de Galicia* (A Coruña, 1976).



amizade que o autor dos *Queixumes* manterá con Manuel Murguía (...), persoa especialmente influente na súa obra”. En *Los Precursores* evoca Murguía aqueles días:

*“Era la fiesta de Agosto (...), y la antigua Mugía (...) brillaba a los rayos de un sol canicular(...) La romería de la barca era aquel año espléndida y concurrida (...) Se bailaba, se reía, se cambiaban las promesas, y pasaban las horas rápidamente, sin apercibir que fuera el tífus hacía estragos (...) Amaneció el otro día, y dos de esas jóvenes, tocadas por la terrible enfermedad, cayeron como heridas por el rayo (...) Aun no contaban sus dieciseis años y ya la muerte se sentaba á la cabecera de su lecho (...) Poco se necesitó para que una de ellas diese su jadiós! á cuanto amaba. Era la hermana del poeta. La otra..... el cielo la guardaba sin duda para que gustase toda pena, y conociese la desgracia que no tiene fin, porque vive todavía y es autora de unos versos que, como los de Pondal, durarán eternamente en su país, mientras aquí se hable y entienda la lengua de nuestros padres”.*⁸



Coa súa natural intelixéncia crítica, o profesor Carballo Calero⁹ (1981: 245-6) recorda que Eduarda -

nacida en Cospindo en 1828- xa tiña, en 1853, 25 anos e nos os 16 que lle adxudica, en 1886, Murguía. Don Ricardo -que supón a Pondal tamén en Muxía naquelas festas- indica que Rosalia pasou a festa da Barca¹⁰ e a súa doenza na casa do médico Leandro Abente, pai de Victorino Abente Lago e avó de Gonzalo López Abente.

O BANQUETE DE CONXO

Un dos acontecementos máis relevantes na biografía pondaliana e aínda na historia galega do XIX foi o Banquete de Conxo¹¹ de 1856 (ágape en honor do cuarto estado) do que Murguía é un senlleiro cronista, cronista que non pudo vivir en Compostela o acontecemento por residir naquela maravillosa década en Madrid. Para Murguía a presenza e a poesía de Eduardo Pondal e Aurélio Aguirre foran a nota máis relevante da xornada a prol da liberdade protagonizada tamén polo futuro médico Luís Rodríguez Seoane¹² (1836-1902), unha xornada onde os estudantes, ao parecer vestidos de frac, fixeron de camareiros dos obreiros e que estivo a pique de custar para os poetas a deportación ás illas Marianas. Cando morre Pondal, o *Boletín* da Academia que edita de Murguía o seu “Don Eduardo Pondal” publica o “Brindis”

pronunciado polo Bardo: un brinde polo *povo que máis ordena*, pola igualdade e pola honrada suor do artesán. Por certo que naquel 1856, Murguía fixo un alto na súa estadia madrileña, voltou a Galiza e pudo reencontrar-se, entre outros, co seu amigo bergantiñán.

8. Cf. *Los Precursores* (1976: 154).

9. Refere-se ao texto “Eduardo Pondal e a súa obra” como a un “borrador non correxido” (1981: 249), “cheo de incorreicións e incongruencias” (1981: 1950) e “feito polo seu autor cando contaba oitenta e seis anos de idade” (1981: 250).

10. Festa que deixou a súa pegada, como ben lembra o prof. Carballo Calero, en *La hija del mar* (1859) e no coñecido poema dos *Cantares gallegos* (1863).

11. Poden ler-se sobre o Banquete os artigos de Carré Aldao “Efemérides gallega. El banquete de Conjo en 1856” (*Revista Gallega*, 156, 6-3-1898) e de F. Bouza Brey “El centenario de Conjo” (*La Noche*, 6-3-1956) así como o que di Murguía en *Los Precursores*.

12. O seu irmán Xosé Rodríguez Seoane -morto en plena mocidade- coincidirá con Murguía en Madrid.



PRIMEIRAS CARTAS COA HISTORIA DE GALICIA AO FUNDO

As primeiras cartas que coñecemos dos dous escritores datan de 1863 cando Murguía xa editara o seu *Diccionario* e traballaba nas entregas da súa *Historia de Galicia* cuxos dous primeiros tomos vai editar Soto Freire en Lugo en 1865 e 1866. Os Xogos Florais da Coruña de 1861 que promovera



Pascual López Cortón e a publicación a que deu lugar, o *Álbum de la caridad*¹³, fora outro lugar de encontro de Pondal con Murguía e Rosalía, xa casados desde 1858. Pondal editara *A campana d'Anllóns*, texto que para Murguía tiña un especial significado:

“La Campana de Anllóns, en que bajo una forma semi-clásica, se desenvolvía un asunto, cuyo fon-

do y colorido estaba tomado de los lugares amados, fue escrita entonces y en gallego y obtuvo su éxito. La estrofa final, profunda, sentida, humana, ganó los ánimos apenas conmovidos con la lectura de las anteriores. El adios del bergantiñán, que se dirige a seres inanimados, tiene una fuerza y melancolía tal, que fácilmente gustaron de ella todos cuantos aman la poesía y lo que de ella proviene.

Aquellos versos los escribió Pondal en gallego, siguiendo un venturoso ejemplo: con ellos dijo a todos que acababa de jurar las banderas de la patria, y con ellos también se colocó a la cabeza de los combatientes.”¹⁴

Desde os anos 60 a relación entre os dous escritores é permanente, cada quen pon da súa parte o que pode, Murguía seguro que ofrece os seus contactos na metrópole e as moitas curiosidades bibliográficas ás que ten acceso. Rosalía abenzoa as relacións do seu home co Bardo e abre camiños para a nosa literatura publicando en Madrid en 1861 un poema en galego (¡Adiós q'eu voume). Nas cartas que se cruzan Pondal e Rosalía fica patente a amizade daquel con toda a familia desta, o interese pola saúde física e literaria do outro e o sincero aprezo que tiñan polas súas obras poéticas. Pondal non esconde esa alta consideración que sente pola autora de *Follas novas*, libro que para algúns críticos -como o propio Murguía- foi determinante na aparición dos *Queixumes*. No seu *Diccionario* Murguía tiña prevista unha entrada para Pondal, citado como colaborador da *Corona fúnebre a la memoria del distinguido poeta gallego Aurelio Aguirre Galarraga*¹⁵ que edita en Compostela en 1859 Xosé Domínguez Izquierdo.

Cando, en marzo de 1863, Pondal oposita en Madrid para o Corpo da Sanidade Militar é recibido na capital polo seu amigo Murguía sendo convidado -por xestións deste- a participar na colección de

13. Segundo Pardo Bazán “libro importante porque contiene una especie de Antología de los poetas gallegos que hasta entonces habían escrito, y merced a él se salvaron de olvido y pérdida segura bastantes poesías que andaban diseminadas por la prensa ó que tal vez estaban destinadas á morir inéditas” (*De mi tierra*, páx. 45).

14. *Los precursores* (1976: 146). Murguía dirá (1917: 202) que a *Campana*, “joya de nuestra literatura”, “abrió a Pondal las puertas de la Fama y fue su consagración como verdadero poeta regional, pues desde entonces la producción principal de su musa fué en el habla materna que en sus esofas adquiere la virilidad y energía que muchos echaban de menos en los poetas anteriores”.

15. A *Corona* contén poemas de Rosalía e Luís Rodríguez Seoane e “una sentida plegaria en prosa gallega” do propio Domínguez Izquierdo.



poesía 'Tesoro del Parnaso Español'. Pondal le reflexivamente as entregas que van aparecendo da *Historia de Galicia* do seu amigo -para a que mesmo envia dados- e afirma preferi-la á de Vicetto -a quen corrixo e acusa de incorrer en 'groserías históricas'-, escribese con Murguía para queixar-se do mal que o pasa en Trubia (Asturias) na súa condición de médico militar e convida ao Patriarca a pasaren xuntos, na Ponteceso, o verán de 1864, actividade que Rosalia tamén ve con bons ollos e que testemuña, máis unha vez, o grao atinxido pola súa relación amical. Mesmo cando o Bardo sopesa o abandono definitivo da medicina e a dedicación á creación poética (1865), consulta esas determinantes posibilidades co autor do *Galicia*.



No I volume da *Historia de Galicia* (1865), Murguía refírese a Eduardo Pondal como a "uno de nuestros jóvenes poetas de más genio e inspiración" citando do Bardo fragmentos do seu poema *Colón* e *A Campana de Anllóns*, poema que sería editado na Coruña na imprenta de D. Eusebio Cascaete en 1866. Murguía non só quere ao seu amigo senón que ten en alta estima o seu traballo poético como demonstra oralmente e por escrito en numerosas ocasións. Amado Ricón (1981:67) ten-se referido a algun texto que nós non temos visto onde Murguía se volve ocupar de Pondal; é o caso dun dos "Pensamientos" editados en 1870 pola *Ilustración de Madrid*. Na segunda edición dese I volume da súa *Historia* (1901) sitúa a Curros ao lado de Pondal:

"No nombraremos, por ser larga la lista, á los nuevos poetas que (...) se hicieron dignos de recuerdo, bastará con citar entre todos, á Curros Enríquez, quien en unión de Pondal-Rosalía xa morrera-, es al presente el primer poeta de la región gallega".

En 1868 Pondal apoia con aparente entusiasmo a candidatura de Murguía a Deputado recoñecendo-lle "talento", "nome" e "circunstancias" aínda que despois celebre que o Patriarca non se teña candidato pois estaba convencido

"de que la política suele estirizar los mejores ingenios y de que su nuevo cometido no Archivo de Simancas- está más en armonía con su carácter y le será, por todos conceptos, más provechoso".

Proba desta privilexiada relación é que en 1870 o Bardo redixe en Laxe un primeiro testamento onde lega a Murguía

*"todos los libros, y escritos literarios que pertenecientes al Don Eduardo Pondal resulten ecstas- tantes a su fallecimiento, con el anillo de oro que lleba puesto y usa el testador para que desde que este fallezca, le sea entregado al Don Manuel Martínez que lo conserbará como recuerdo y símbolo del aprecio e íntima amistad que le profes- a."*¹⁶

Quince anos máis tarde, en *Los Precursores*, Murguía -ignorante no seu día daquel primeiro testamento- agradece a confianza do seu irmán por deixar-lle "sus versos y el cuidado de su publicación" pero insiste tamén en proclamar-se depositario das intimidades do Bardo:

"Además, ¿quién conocía como yo el pensamiento que preside su obra poética? ¿quién que, no fuese dueño de su secreto, podría en todo caso, cuidar que las diversas composiciones tuviesen en su libro el natural enlace, y que las aladas hijas del poeta siguiesen el camino que él les había trazado? Nadie en verdad, porque nuestro

16. Citamos por Ferreiro (1991: 32).



amigo, que tiene como pocas almas la pureza virginal de sus emociones, no había hecho más que á uno la confianza de algunos de los sentimientos que llenaron su vida. Cubiertos enteramente por el velo con que los oculta, apenas si en sus versos se delatan á las miradas más escrutadoras, apenas si los acostumbrados á leer en una palabra todo un mundo habrían adivinado el misterio que á veces encierran, ni percibido su perfume y castidad. (...) El autor de La campana de Anllóns podía decir más aún, porque no era tan sólo á la dulce amistad á quien encomendaba la sagrada tarea, sino á uno con quien de antiguo le ligaban especiales, pero no por eso menos estrechos lazos.”¹⁷



OS SALÓNS DA COVA CÉLTICA

Desde a década dos 80 Pondal pasa máis tempo na Coruña, entre os anos 1881 e 1887 e a partir de 1908 de maneira definitiva. En 1883 figuran Pondal e Murguía como membros da Sociedade Folclore Gallego presidida por Emilia Pardo Bazán, enérxica defensora do primeiro e notória inimiga do segundo. En 1885 Pondal lamenta o pasamento de Rosalía e fai xestións para aliviar a situación económica do seu amigo. Son os tempos da Cova Céltica, de colaboración co Círculo de Artesáns, que ten 700 sócios en 1885, os da elaboración do Hino a

petición de Pascual Veiga, da edición da *Revista Gallega* e a fundación da Liga Gallega, da xestión da Escola Rexional de Declamación, aqueles onde o Bardo estreita realcións con Martínez Salazar e Carré Aldao, tamén figuras da órbita murguiniana, como Salvador Rueda, comun amigo do Bardo e o Patriarca.

Deixando á marxe as breves referencias ao Bardo xa comentadas, é en *Los Precursores* (1886) onde Murguía realiza unha extensa e séria análise da poesía pondaliana e onde se nos presenta impelido por “extrañas coincidencias” a un destino compartido co Bardo. Presume Murguía de estar nas claves do seu amigo, de descifrar a súa estética, o que lle permite afirmar “No direis que no conozco el águila y su nido!...” Poucas persoas no XIX chegaron á altura analítica e comprensiva de Murguía. Entre elas debe figurar a Pardo Bazán quen se ocupa do Bardo, entre outros textos, no seu ensaio “Luz de luna”, incorporado ao seu volume *De mi tierra*. Pola súa parte, Murguía comenta os textos de *Rumores* (1877) vinculando-os á “vida afectiva” do poeta, á súa infancia, ao seu amor contrariado, á súa mocidade compostelana -quer como estudante quer como poeta das liberades en Conxo, o motivo da paisaxe, eloxiando en particular ‘El sueño de primavera’ ao que compara con Anacreón. No mesmo texto onde o Patriarca afirma que na Galiza se comprendeu máis tarde que non chegaba con “proclamar una idea” (a democracia) y levantar una clase -o proletariado-, que había que formar una patria”, destaca, cremos que sinceramente, o labor dos poetas: Apolo levantou os muros de Thebas ao son das flautas. Neste texto Murguía subliña a influencia dos *Cantares gallegos* no progreso do galego como lingua literaria, reclama o desenvolvemento dunha literatura “puramente gallega” (1976: 141), entende o rexionalismo como movemento simultaneamente literario e político, e morto Aurélio Aguirre, considera a Eduardo Pondal “la única musa que hablaba en Galicia”. Valora a escasa pero excelente obra de Pondal con afirmacións rotundas: “Prodigarse no

17. *Los Precursores* (1976: 127-128).



es ser fecundo, ni contenerse esterilidad”(1976: 148), fala da *Campana d’Anllóns*, dos proxectados *Os Eoas*, *Os ilotas*, *Os idiotas*, dun Pondal mergullado “en los inexplorados abismos del pasado de Galicia”, apenas casado coa poesía, compéndio das aspiracións do noso povo, dun Pondal solitario e pouco viaxeiro, feliz entre Compostela, A Coruña e a súa Ponteceso, fiel ás antigas amizades e no plano literario conversor dos nomes de lugares en deuses, nunha natureza animada que destila o espírito do povo e as súas tradicións, perfecto escenario para facer reviver tempos e heróis. A respecto do nome dos lugares dirá Murguía do Bardo

“nos nomes dos lugares que ten diante dos ollos, o noso poeta personifica, cando nos fai entrar no relato, os héroes dignos de toda lembranza” (Murguía, in Rabuñal 1999: 132)

1890 é o ano da composición do hino¹⁸. Aínda que algúns estudosos opinan que fora pedido por Murguía a Pondal o certo é que, como asinala Manuel Ferreiro, é Pascual Veiga quen en 1890, na súa condición de Presidente do Orfeón coruñés nº 4 e co gallo da celebración dun certame musical que destina un premio ao mellor hino galego, pede ao Bardo un texto. O texto comezará a entrar na vida pública na Habana en 1907. Por esta altura Murguía fala dun Pondal que vive un pouco á marxe de todo, ignorando a vida social e literaria.

En torno ao ano 1903 detectan-se algúns problemas na relación entre o Bardo e o Patriarca. Sen embargo nunha carta de Pondal de 1905¹⁹ -cando celebra a designación do seu amigo como Presidente da Academia- reconece que “podríamos haber regañado, pero de ningún modo reñido”. E engade

“Esto depende del noble concepto que el uno del otro tenemos y de aquella no menos noble y buena amistad que de antiguo nos profesamos, la cual nos eleva y redime de ciertas pequenezes humanas”.

Pondal, un dos primeiros académicos, traballa ao parecer no *Diccionario da Galega* (1916) cando require que os seus amigos Martínez Salazar e

Carré custodien algúns dos seus manuscritos, especialmente *Os Eoas*, de cuxa creación Murguía se presenta como privilexiada e antiga testemuña.

A morte de Pondal provoca a edición de “Don Eduardo Pondal” (1917) onde Murguía tenta reiterar o que sempre dixera do amigo falecido, un irmán con quen compartiu a súa paixón pola poesía e pola tradición, o seu compromiso coa rexeñeración de Galiza:



“Nuestra tierra nos parecía, por su hermosura y por su fertilidad, la tierra de promisión” (Murguía, 1917: 201)

O Patriarca resume a biografía do poeta, ve a súa obra como “el Evangelio de la raza” (1917: 203) ao tempo que lamenta unha certa incompreensión da poesía do Bardo:

“Hombre cultísimo, de poderosa inteligencia y de espíritu superior, por su vida de retraimiento, sólo a pocos de sus íntimos nos fue dado poder

18. Para esta cuestión é imprescindible o traballo de M. Ferreiro, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, A Coruña, Laivento, 1996.

19. A que fai a número CLXII en Ferreiro [1991].



estimar el gran valor literario de este genio excepcional, ni bien conocido de todos los suyos, ni bien apreciado en su labor reivindicadora por no estar al alcance de los más el simbolismo de sus composiciones.”

(Murguía, 1917: 203)

Murguía vela o cadáver do Bardo, asiste ao seu enteiro²⁰ e redixe o ensaio “Eduardo Pondal e a súa obra”, aparecido no *Boletín* da Academia en 1933. Non podemos falar de “Eduardo Pondal e a súa obra” sen facer-nos eco das reservas -xa referidas- de Carballo Calero cando na súa *História* advirte que o texto foi redixido por un Murguía moi velliño -de 86 anos. Trata-se dun borrador non corrixido e escrito en galego. Aquí describe a primería vez que o viu, a súa solvencia económica, o enigma dos seus amores e dos seus siléncios, distinguindo dúas modalidades na súa obra: a poesía intimista -arredor do sentimento e a paisaxe- e a heroica presidida por uns herois que aínda que recordan vellos tempos e ideais, deben constituir un exemplo para o presente. Xa se referira ao Bardo no *Galicia* (Vigo, Eds. Xerais, I, 1982: 112):

“y así se ve que no yerra el poeta cuando evocando los tiempos y los héroes pasados, descien- de hasta aquellos días misteriosos de los cuales no queda ya otra cosa que los vagos recuerdos que á la voz del inspirado toman cuerpo tangible y se presentan á nuestra vista como seres que dejan para siempre las tinieblas de la eterna noche que hasta ahora les ha envuelto.”

Logo de personificar a figura do Bardo en Gondar e a da súa amada en Rendar, fala de *Os Eoas*²¹, subliñando a categoría do poema inédito ‘A golondrina’ (“sin rival no parnaso español”) e ‘O Mar Cantábrico’, editado en Compostela ao parecer na súa época de estudante

ALGUNHAS CONCLUSIÓNS



Quixemos nas páxinas precedentes fundamentar unha profunda relación amical e intelectual entre dúas das personalidades máis relevantes do noso XIX. Desde a mocidade á vellice, Eduardo e Manuel viveron o un perto do outro, senón fisicamente si no territorio das paixóns e das convicións. Sabemos con certeza que abriron os seus territorios máis íntimos -o da familia, o da casa, o da arte, o da ideoloxía- e que entre as súas obras existen conexións nunca negadas. Une-os desde sempre a súa fe celtista, fe para algúns transmitida polo Patriarca ao Bardo. Murguía detecta vestixios célticos nos nomes de localidades, montañas, lagos, en divindades e personaxes, na antiga relixión celto-galega, na mitoloxía popular, nos seres sobenaturais ou no druidismo. Para Murguía, con efecto, cos celtas comeza a verdadeira historia de Europa, todo comeza para el nos e cos celtas e todo testemuña a súa orixe. Os celtas son na opinión do Patriarca un povo guerreiro ao cal os galegos estamos ligados, unidos á “grande y nobilísima familia ariana” (*Galicia*, 1888, páx. 118).

20. Cf. “El entierro de don Eduardo Pondal”, *BRAG*, 116, 1918, pp. 224-229.

21. “a obra en que pensaba deixar ó seu país e ás posteridades a nota superior e gloriosa da súa inspiración. Xa sabedes que a empezou ben mozo, e que nela ocupou a vida enteira. Morría vello e aínda a limaba e correxía, pois tiña posto os seus ollos, como única filla de quen non sabía separarse” (Murguía en Rabuñal, 19992: 133).




Para Murguía (1888: 139-40)

“el celta gallego (...) aparece, en cuestión de creencias religiosas, apegado al extenso naturalismo que es como su sello imborrable. El sol, la luna, las múltiples estrellas que tiemblan y centellean en los espacios celestes; la mar, los ríos, las fuentes, lo mismo que el bosque y la montaña; cuanto está encima, cuanto se halla a sus pies; lo que le rodea, lo que teme, todo, todo tiene para él voces y misterios, todo encierra un algo del espíritu divino con que los ha dotado. Les presta alma, una pasión, una voluntad inteligente. A los mismos espíritus ó sustancias inmateriales, que según sus creencias residen en las potencias naturales, atribuye influencia sobre los destinos humanos. ¿Les rinde culto como a representación material de la divinidad que se manifiesta en cuanto de ella proviene, ó como á fuerza viva de la naturaleza, con la cual el hombre primitivo se confunde y mezcla de tal modo, que les invoca como á agentes invisibles pero activos, ora propicios, ora contrarios á sus deseos e intereses? He aquí lo que la ciencia moderna ha de decirnos”.

Por outra parte sabemos que Murguía leu e deu a ler a Pondal²², en edición francesa, o *Leabhar Gabhala*²³ comezando a chamada fase irlandesa do mito celta cando, cando en palabras de Barreiro Fernández²⁴ (1986) Murguía “integra no ciclo mítico céltico o novo mito milesio”. En síntese de Carballo Calero (1981: 271)

Breogán, pai de Ith, desta liñaxe, fora nado en España, e á morte do seu pai Brath, que loitara, á súa chegada, con xentes preesistentes no país, tomou o principado. Breoghan sometéu as tribus de España dempóis de moitas victorias, fundóu unha cidade chamada Brigantia e unha torre foi ergueita por il no frente daquela, que é a Torre de Breoghan /.../ Ith, dende a Torre /.../ albiscóu Irlanda, e navegóu



cara ela, onde os reis da illa ferírono de morte. Traguido o seu corpo a España, as xentes da súa castimonia axuntadas en Brigandsia, botaron as súas naos ao mar e asoballaron aos reis de Irlanda, ficando donos da terra.

A Cova Céltica, a poesía de Pondal e Aguirre, as alusións a Breogán -imortalizado polo Bardo no hinosupñen a xeneralización do mito milesiano.


Ainda tratando-se de figuras de biografía moi dispar, o seu encontro foi animado pola interposición de persoas relevantes -en particular a de Rosalía- e permite-nos ver en Murguía ao primeiro analista do alto significado de Pondal na historia das nosas letras. Xuntos viveron, cada quen á súa maneira, o seu compromiso con Galiza que foi compatíbel cunha amizade non isenta de confesións e confidencias.

Para nós foi un honor e un pracer vir á terra de Bergantiños a entregar-vos esta reflexión moi oportuna nun curso académico que sendo o de Murguía é, por razóns que agora todos podeades corroborar, tamén o do voso Eduardo Pondal.

22. Segundo Ricón, Pondal non lle debe a Murguía a súa formación celtista aínda partillando opinións parecidas (1981: 79): “Murguía e Pondal tiñan o mesmo pensamento sobor o orixen celta do noso pobo que, os dous, herdaran de Vereá e Aguiar. Murguía fixoa historia, mentres que Pondal transformouna en arte poética”.

23. Manuscrito anónimo do XII escrito en lingua celta onde se narra a historia primitiva de Irlanda e as invasións previas á chegada de Breogán, vindo da Galiza.

24. Vid. “A recreación do mito celta”, in VV. AA., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra*, Extra-7 de *A Nosa Terra*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1986, pp. 27-29.)



BIBLIOGRAFIA SELECTA SOBRE EDUARDO PONDAL

CARBALLO CALERO, Ricardo, *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*, Pontevedra, Centro de Estudos Fingoy, 1961.

CARBALLO CALERO, Ricardo, *Eduardo Pondal*, Vigo, Galaxia, 1965.

CARBALLO CALERO, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1981.

FERREIRO, Manuel, *Obra lírica de Eduardo Pondal. Edición crítica*, Tese de Doutoramento, Univ. de Santiago, Facultade de Filoloxía, 1990.

FERREIRO, Manuel, *Pondal: do dandysmo á loucura*, Santiago, Laiovento, 1991.

FERREIRO, Manuel, "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos da Lingua*, 4, RAG, 1991, pp. 49-70.

FERREIRO, Manuel, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, A Coruña, Laiovento, 1996.

FORCADELA, Manuel, *A harpa e a terra*, Vigo, Eds. Xerais, 1988.

FORCADELA, Manuel, *A poesía de Eduardo Pondal*, Pontevedra, Eds. do Cumio, 1993.

MÉNDEZ FERRIN, X. L., *Aspectos de la poesía de Eduardo Pondal*, Tese de Licenciatura (inérita), Madrid, Univ. Complutense, 1959-1960.

MÉNDEZ FERRIN, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Eds. Xerais, 1984.

MURGUIA, Manuel, *Los Precursores*, A Coruña, Biblioteca Gallega, 1885.

MURGUIA, Manuel, "Don Eduardo Pondal", *BRAG*, 116, 1917, pp. 202-210.

MURGUIA, Manuel, "Eduardo Pondal e a sua obra", *BRAG*, 248, 1933, pp. 184-192.

PARDO BAZÁN, Emilia, "Luz de luna", in *De mi tierra*, Vigo, Xerais, 1984, pp. 67-81.

PONDAL, Eduardo, *Queixumes dos pinos e outros poemas*, Vigo, Galaxia, 1985.

PONDAL, Eduardo, *Poesía*, Vigo, Xerais, 1989, ed. de Manuel Forcadela.

PONDAL, Eduardo, *Poesía galega completa. I. Queixumes dos pinos*, ed. de M. Ferreiro, Santiago, Sotelo Blanco, 1995.

QUEIZÁN, M^º Xosé, *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, Santiago, Laiovento, 1998.



RICÓN, Amado, *Eduardo Pondal, Novos poemas*, Vigo, Galaxia, 1971.

RICÓN, Amado, *Eduardo Pondal*, Vigo, Galaxia, 1981.

RICÓN, Amado, *Estética poética de Eduardo Pondal*, Sada, Eds. do Castro, 1985.

RICÓN, Amado, Limiar, transcripción, selección e notas a *Os Eoas (unha aproximación)*, de E. Pondal, A Coruña, Fundación Perro Barrié de la Maza, 1992.

VV. AA., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra*, Extra-7 de *A Nosa Terra*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1986.

BIBLIOGRAFIA SELECTA SOBRE MANUEL MURGUÍA

CARBALLO CALERO, Ricardo, "Murguía contra Valera", *Grial*, 55, 1977, pp. 102-105.

CARBALLO CALERO, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1981.

CASTELAO, Alfonso D. R., "El regionalismo gallego de Murguía", *Galezuca*, 5, 1945.

DURÁN, José A., *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía*, A Coruña, RAG-Fund. Caixa Galicia, 1998.

ESTRADA NÉRIDA, Julio, *Páginas de una biografía. Manuel Murguía. Director del Archivo de Simancas*, Sada, Eds. do Castro, 1983.

FORTES LÓPEZ, Ana Belén, *As ideas literarias de Murguía*, Universidade de Santiago, 1996, Tese de Licenciatura (inédita).

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, *Manuel Murguía, o Patriarca*, Vigo, Banco del Noroeste, 1979.

GONZÁLEZ BERAMENDI, Xusto, "Murguía, Manuel", *Gran Enciclopedia Gallega*, T. 22, pp. 44-49.

GONZÁLEZ BERAMENDI, Xusto, *Manuel Murguía*, Santiago, Xunta de Galicia, *A Nosa Memoria*, 14, 1998.

MAIZ, Ramón, *O rexionalismo galego*, Sada, Eds. do Castro, 1984.

MAIZ, Ramón, *A idea de nación*, Vigo, Xerais, 1997.

MAIZ, Ramón, *O pensamento político de Murguía*, Xerais, 1999.

NAVIA, R. e NOIA, S., "... agás Murguía. O sitio de Murguía no Panteón de Galegos Ilustres. Manuel Murguía: a reivindicación pendente", *Revista das Letras*, nº 70, *O*

Correo Galego, 15-7-1999.

NAYA, Juan, "Murguía y su obra poética", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 289-293, 1950, pp. 91-111.

NAYA, Juan, *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*, A Coruña, Deputación Provincial, 1998.

RABUÑAL, Henrique, "Manuel Murguía en *La Ilustración Gallega y Asturiana*", con Xosé M. Fernández Costas, in VV. AA., *Volver a Murguía*, Vigo, A Nosa Terra, *A Nosa Cultura*, 19, 1998, pp. 43-52.

RABUÑAL, Henrique, *Manuel Murguía*, Santiago, Laiovento, 1ª ed. 1999, 2ª ed. 1999.

RABUÑAL, Henrique, "O intelectual dos mil espellos", *La Voz de Galicia*, 15-6-1999.

RABUÑAL, Henrique, *Manuel Martínez Murguía*, Vigo, A Nosa Terra, 1999.

RISCO, Vicente, *Manuel Murguía*, Vigo, Galaxia, 1976.

VARELA, José L., "Polémica de Murguía con Nuñez de Arce, Valera y Moguel" in *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Madrid, Gredos, 1958.

VV. AA., *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago, CCG, Univ. de Santiago, 1986.

VV. AA., *Volver a Murguía*, Vigo, A Nosa Terra, *A Nosa Cultura*, 19, 1998.

VV. AA., "Letras para Murguía", *Culturas* nº 82, *La Voz de Galicia*, 15-6-1999.

